MUTUALIDAD
DE FUTBOLISTAS

GUÍA DE INFORMACIÓN AO
MUTUALISTA

DEPORTISTAS MAIORES DE 16 ANOS

TEMPADA 2025-2026



RFGF

CARTA DO PRESIDENTE

Pablo Prieto Perille

Presidente da Real Federación Galega de Futbol
e responsable da Mutualidade en Galicia



Benquerida/o mutualista:

Elaboramos esta guía de información ao mutualista co ánimo de que sexa unha ferramenta útil para as persoas aseguradas que sufran unha lesión deportiva cuberta pola Mutualidade.

Desde hai uns anos a Mutualidade esta inmersa nun proceso de transformación e mellora do servizo ao mutualista, que nos levou a pasar da prestación dun servizo asistencial ao lesionado a través dunha compañía de seguros (reaseguro), a un servizo asistencial actual no que a Mutualidade xestiona directamente os accidentes deportivos, e no que se conta cunha rede de clínicas propias na Coruña, Vigo, Santiago e Pontevedra, atendidas por un equipo propio de médicos e traumatólogos que atenden ao lesionado desde o principio ata o final da súa baixa deportiva.

Coa apertura destas novas clínicas melloramos os tempos de resposta ao lesionado, axilizamos a realización daquelas probas médicas que sexan necesarias para a avaliación do paciente, e facilitamos que a totalidade do proceso de recuperación este controlado por un mesmo equipo médico, incluso no caso de que sexa necesaria unha intervención cirúrxica, que tamén realizará o equipo médico da Mutualidade.

Na medida que contamos con estas clínicas propias, que teñen un custo moi importante para a Mutualidade, debe ser o primeiro centro ao que o mutualista se dirixa no caso de requirir asistencia médica.

Este novo servizo ao mutualista complétase cunha ampla rede de hospitais, centros médicos e asistenciais concertados coa mutualidade existente en toda Galicia, cuxa lista podedes consultar nesta guía, e de forma máis completa, en www.futgal.es/mutualidad.

É moi importante que todos os mutualistas coñezan o funcionamento da nosa entidade, de maneira que entre todos, fagamos un uso responsable e axeitado dos seus recursos que nos permita seguir avanzando na mellora e coidado da saúde dos nosos deportistas.

Un saúdo.



QUE PASOS DEBO SEGUIR EN CASO DE NECESITAR ASISTENCIA MÉDICA

O mutualista lesionado dispón dun **prazo máximo de 7 días desde que se produce o accidente deportivo** para solicitar asistencia. Transcorrido ese prazo sen que fose solicitada, perderá os seus dereitos a recibir asistencia e os demais dereitos que lle poidan corresponder.

O lesionado que acuda a unha consulta médica para recibir a primeira asistencia deberá achegar no centro médico ao que se dirixa a seguinte documentación:

PARTE DE ACCIDENTE DEPORTIVO

+

ACTA ARBITRAL

No caso de producirse a lesión no transcurso dun partido. Asegurarse de que o arbitro recolla en acta arbitral o nome do lesionado ou lesionada, así como unha breve descrición da lesión sufrida.

ou DECLARACION XURADA DO ADESTRADOR:

No caso de producirse a lesión no transcurso dun adestramento. Aportarase unha declaración xurada do adestrador na que se informara do nome do lesionado ou lesionada, cunha breve descrición da lesión acontecida.

Esta documentación facilitarancha as persoas responsables do teu club. É moi importante que se achegue esta documentación desde o primeiro momento, xa que é fundamental para que os servizos administrativos da Mutualidade poidan abrir o expediente e así autorizar a asistencia sanitaria que necesite o mutualista, os tratamentos e probas médicas que se requiran, con cargo á Mutualidade.

ONDE DEBO DIRIXIRME PARA RECIBIR ASISTENCIA EN CASO DE LESIÓN?

No caso dun accidente deportivo no transcurso dun partido ou adestramento oficial do teu equipo a Mutualidade pon a disposición do mutualista lesionado unha gran rede de centros asistenciais.


Entre todas e todos debemos facer un uso responsable das urxencias. Para conseguir iso, debemos calibrar o alcance da lesión sufrida: lesión común; lesión grave ou lesión moi grave.



LESIÓNS COMÚNS


LESIÓNS GRAVES

LESIÓNS MOI GRAVES



LESIÓNS COMÚNS

1 CENTROS MÉDICOS PROPIOS DA MUTUALIDADE



A CORUÑA
Juan de Ciorraga núm. 5 - Baixo



SANTIAGO
Estadio Multiusos de San Lázaro (porta 4)



PONTEVEDRA
Praza de Pasarón núm. 1 - Baixo



VIGO
Manuel de Castro núm. 40 - Entreplanta

A Mutualidade ten desde a tempada 2018/2019 catro centros médicos propios a disposición dos mutualistas, que son atendidos por persoal médico especialista de recoñecido prestixio: Dr. Diaz, Dr. Taboada, Dr. Gayoso, Dr. Miragaya, Dr. Santin, Dr. Festa, Dr. Quiros, Dr. Ferro e o Dr. Astray.

Cos centros propios da Mutualidade garantimos unha boa atención ao lesionado e melloramos os tempos de resposta. Este é un servizo que ten un custo moi importante para a Delegación Galega da Mutualidade, polo que xa que contamos con el, debe ser a primeira opción á que nos dirixamos en caso dunha lesión, solicitando unha cita chamando ao teléfono 981 900 600, que será concedida de maneira inmediata.

Recorda que a documentación (parte lesións + acta arbitral/declaración adestrador/a) achegarase no propio centro no momento que acudas á cita médica.

2 CENTROS MÉDICOS CONCERTADOS COA MUTUALIDADE

Ademais dos centros médicos propios, a Mutualidade pon a disposición das persoas aseguradas, unha rede de centros médicos privados cos que mantén un concerto, e nos que lesionado será atendido. Os centros médicos aos que se poderá acudir nestes casos son os que figuran na relación dispoñible en futgal.es/mutualidade, aos que a ou o mutualista poderá chamar por teléfono para concertar unha cita médica, que será concedida de maneira inmediata.

Recorda que a documentación (parte lesións + acta arbitral/declaración adestrador/a) achegarase no propio centro cando acudas á cita médica.

LESIÓNS GRAVES
URXENCIAS
Hospitais concertados coa Mutualidade

No caso de que o lesionado tivese unha lesión grave que requira asistencia urxente e inaprazable poderá acudir ao servizo de urxencias (365 dias, 24 h) da rede de hospitais concertados coa Mutualidade. Ver listado en futgal.es/mutualidad.

1. **A CORUÑA** Hospital Santa Teresa
2. **SANTIAGO** Hospital A Rosaleda
3. **FERROL** Hospital Juan Cardona
4. **LUGO** Hospital Polusa
5. **OURENSE** Hospital El Carmen
6. **PONTEVEDRA** Hospital M. Domínguez
7. **VIGO** Concheiro Centro Médico Quirúrgico

RECORDA QUE SÓ DEBES ACUDIR AOS SERVIZOS DE URXENCIA EN CASO DUNHA LESIÓN GRAVE,
xa que, en caso contrario, e á vista dos informes médicos que se emitan, a Mutualidade poderá reclamarlle os custos desta asistencia urxente ao mutualista ou club o que pertenza


A documentación (parte lesións + acta arbitral/declaración adestrador/a) nestes casos achegarase no propio centro hospitalario ao que se acuda de urxencia. Se por calquera cuestión extraordinaria non puidese achegala nese intre, entregarase nun prazo improrrogable de 48 horas desde que se reciba asistencia hospitalaria.

Unha vez recibida a primeira asistencia urxente en calquera destes centros hospitalarios, a continuidade da asistencia seguirase na rede de centros médicos propios da Mutualidade ou centros concertados, solicitando unha cita médica nos servizos da Mutualidade chamando ao teléfono 981 900 600.

LESIÓNS MOI GRAVES

Hospitais ou centros do SERGAS

No caso dun accidente deportivo que poida entenderse **MOI GRAVE OU DE RISCO VITAL** para o mutualista lesionado e que aconselle prestar sen demora e inmediatamente despois de producirse o accidente asistencia urxente ao lesionado, poderase acudir ao centro hospitalario ou centro médico máis próximo ao lugar onde suceda a lesión, como un PAC ou hospital do Sergas.



Nestes casos, a Mutualidade farase cargo dos custos que se deriven desta atención de urxencia vital. Non obstante, cando o lesionado estea estabilizado será trasladado e continuará a súa asistencia médica nos centros propios ou concertados coa Mutualidade, seguindo as indicacións que neste sentido lle pauten os servizos médicos da Mutualidade (981 900 600).

Na medida que estes NON son centros concertados coa Mutualidade, o lesionado que reciba atención nun centro ou hospital do Sergas, deberá comunicalo o máis axiña posible á Mutualidade chamando ao 981 900 600, xa que en caso contrario, os custos que se xeren da asistencia poderían ser reclamados ao mutualista ou club o que pertenza.

Recorda que nestes casos a documentación (parte de lesions + acta arbitral/ declaración adestrador/a) remitirase, xunto cos informes médicos da atención recibida, directamente á Mutualidade ao correo da intranet “Mutualidad”.

RECORDA O SEGUINTE

1 A Mutualidade ofrece cobertura de asistencia no caso dun accidente deportivo ocorrido nun partido ou adestramento oficial, é dicir, aqueles cuia lesión vén dada dun traumatismo puntual, violento, súbito e externo acontecido nun adestramento ou partido oficial concreto

2 O mutualista dispón de 7 dias para solicitar asistencia médica, a contar desde que se produce o accidente deportivo que provoca unha lesión

7días de prazo

3 A Mutualidade ten a disposición de tódalas persoas aseguradas, independentemente da delegación federativa á que pertenza, catro centros médicos propios situados nas dependencias da RFGF da Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo, que serán a primeira opción á que debes dirixirte en caso de necesitar asistencia médica, concertando para iso unha cita que será concedida de maneira inmediata. Debes chamar ao teléfono 981 900 600

4 Acude as urxencias só en caso dun accidente deportivo que supoña lesión grave ou moi grave, xa que en caso contrario, **e á vista dos informes médicos que se emitan, a Mutualidade poderá reclamarlle os custos desta asistencia urxente ao mutualista ou club o que pertenza**

5

É moi importante que cando recibas a primeira asistencia médica achegues a documentación requirida, de maneira que se abra o expediente e así autorizar a asistencia sanitaria, os tratamentos e probas médicas que se requiran con cargo á Mutualidade. A documentación facilitaracha a persoa responsable do teu club:

PARTE DE ACCIDENTE DEPORTIVO

+

ACTA ARBITRAL

No caso de producirse a lesión no transcurso dun partido. Asegurarse de que o arbitro recolla en acta arbitral o nome do lesionado ou lesionada, así como unha breve descrición da lesión sufrida.

ou DECLARACION XURADA DO ADESTRADOR:

No caso de producirse a lesión no transcurso dun adestramento. Aportarase unha declaración xurada do adestrador na que se informara do nome do lesionado ou lesionada, cunha breve descrición da lesión acontecida.

6

En caso de recibir asistencia nun centro do Sergas, ponte en contacto de inmediato coa Mutualidade (981 900 600) e remite a documentación xunto cos informes médicos da asistencia recibida ao correo da intranet da Mutualidad. En caso contrario, os custos da asistencia seranlle reclamados o mutualista ou club ao que pertenza



7

Desde o momento en que o mutualista reciba asistencia médica con cargo á Mutualidade, pasa a estar en situación de baixa médica deportiva, polo que non poderá adestrar nin xogar, en canto un médico da Mutualidade prescriba a alta médica deportiva ou o deportista presente un Alta Voluntaria

HOSPITAIS E CLÍNICAS





CLÍNICAS DE FISIOTERAPIA



A CORUÑA

Juan de Ciorraga, 5 - Baixo
CP 15008
auxiliar.acoruna@mutualidaddefutbolistas.com



SANTIAGO

Estadio Vero Boquete de San Lázaro (porta 4)
CP 15707
auxiliar.santiago@mutualidaddefutbolistas.com



PONTEVEDRA

Prazo de Pasarón, 1 - Baixo
CP 36005
auxiliar.pontevedra@mutualidaddefutbolistas.com



VIGO

Manuel de Castro, 40 - Entreplanta
CP 36210
auxiliar.vigo@mutualidaddefutbolistas.com

Tel: 981 900 600 | Email: siniestros.gal@mutualidaddefutbolistas.com
www.futgal.es